



### Millás fala da súa "combinación diabólica" de relatos...

Sen complexos e sentíndose un "obreiro" do relato que loita por trasladar ao papel "o misterioso e anodino da realidade" con certo humor, Juan José Millás, gañador do Premio Nacional de Narrativa e o Planeta, publica un novo libro de relatos, onde di que reflicte a "combinación diabólica do simple e o complexo" que vivimos diariamente.



### ... e Freire volve ao conto

Espido Freire presentou onte a obra *El trabajo os hará libres*, un conxunto de contos, o xénero onde se sente "máis cómoda", no que pretende "xogar co lector".



### Espectacular exhibición

México acolleu onte unha exhibición de coches *voadores*. Nesta imaxe vemos dous participantes saíndo do vehículo en plena caída.



### A Academia homenaxeou a veteranía de María Isbert

"Emocionada e agradecida", a actriz María Isbert recibiu onte na Academia do Cine a placa que a reconece, aos seus 91 anos, como membro de honra desta institución. A actriz, filla de Pepe Isbert, estivo acompañada por Álvaro de Luna, Manuel Alexandre e Pepe Sancho.

#### CINE

### Kidman será o marido transexual de Theron en 'The danish girl'

Nicole Kidman protagonizará e producirá *The danish girl*, película na que dará vida ao artista transexual danés Einar Wegener, mentres que Charlize Theron encarnará a súa esposa, Greta, segundo informou *The Hollywood Reporter*. As obras da parella fixéronse moi populares nos anos vinte, cando o pintor se fixo pasar por muller nuns retratos feitos por Greta.

#### MÚSICA

### Saen á venda os tickets para ver o 'Papitour' de Bosé en Compostela

Xa están á venda as entradas para asistir ao concerto que Miguel Bosé ofrecerá o 8 de decembro no Multiusos Fontes do Sar de Santiago de Compostela. Os tickets para esta xira, *Papitour*, que en agosto colgou o cartel de "non hai entradas" en Vigo, poden adquirirse na web de Caixa Nova, no teléfono 902 504 500, ou no Teatro Principal.

#### CINE

### Fiennes rodará un filme acerca de Coriolano

Ralph Fiennes debutará como director cunha película inspirada na figura do militar romano Coriolano, dunha traxedia de William Shakespeare, que se rodará en diferentes localidades serbias e na que ademais encarnará ao protagonista, como anunciou onte o xornal *Danas*.

#### ¿sabías que...?

Kurt Westergaard, o autor danés das caricaturas de Mahoma que xeraran unha gran polémica, ilustrará un libro satírico sobre políticos e mulás

A obra, de Lars Hedegaard, titúlase 'Dito con rudeza'

#### MÚSICA

### Sae á rúa un disco de duetos con Pavarotti

Frank Sinatra, Bono, Eric Clapton, Mariah Carey ou Elton John son algunhas das voces que se uniron á de Luciano Pavarotti nunhas cancións que, no primeiro aniversario da morte do tenor, foron reunidas nun disco que sae agora á venda, baixo título *Pavarotti: The Duets*, e cunha edición especial en DVD.

#### LITERATURA

### Editan un libro grazas aos votos que recibiu a través de internet

*A lenda de Cathair-Fleodruinn e a alma roubada*, un conto fantástico de Isabelle de Marie, sairá á venda nas librerías mañá grazas a que foi o texto máis votado polos internautas que frecuentan o portal literario BookAndYou.



#### HOXE

**10.30 HORAS. VIGO.** Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia. Ciclo 'Vida e obra dun xenio': Franz Joseph Haydn II

**11.00 HORAS. SANTIAGO.** Biblioteca Fundación Caixa Galicia. "Bibliotecate", formación de usuarios.

**11.30 HORAS. A CORUÑA.** Sala de prensa Fundación Caixa Galicia. Rolda de prensa da Fundación Meniños.

**12.00 HORAS. SANTIAGO.** Sede Fundación Caixa Galicia. Presentación do Festival Hip Hop Microfest.

**13.00 HORAS. VIGO.** Casa das Artes. Rolda de prensa de presentación da exposición 'Fernando Botero. Abu Ghraib. El Circo'. No acto estará presente Fernando Botero.

**18.00 E 20.30 HORAS. VIGO.** Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia. Ciclo de cine 'Grandes golpes, grandes fuxidas'. Proxección do filme 'Un condenado a morte escapou'.

**18.00 E 20.30 HORAS. SANTIAGO.** Fundación Caixa Galicia. Ciclo de cine 'Grandes golpes, grandes fuxidas'. Proxección do filme 'Atraco ás tres'.



**18.30 HORAS. SANTIAGO.** Biblioteca Fundación Caixa Galicia. 'Hora do Conto', con Paula Carballreira.

**20.00 HORAS. VIGO.** Casa das Artes. Inauguración da exposición 'Fernando Botero. Abu Ghraib. El Circo'. Ata o 1 de febreiro.

**20.00 HORAS. PONTEVEDRA.** Sede Fundación Caixa Galicia. Ciclo de cine 'Grandes golpes, grandes fuxidas'. Proxección do filme 'Un plan sinxelo'.

**20.00 HORAS. A CORUÑA.** Sede Fundación Caixa Galicia. Ciclo 'A arte de Verdi'. Conferencia: 'Y después ¿qué?', por César Wonenburger.

**20.00 HORAS. LUGO.** Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia. XVIII Festival de Jazz de Lugo. Eduardo Niebla Trío.

**21.30 HORAS. LUGO.** Círculo das Artes. XVIII Festival de Jazz de Lugo. Mike Stern Band, Special Guest Randy Brecker, Featuring Dave Weckl & Chris Minh Doky.

#### ACTIVIDADES

#### PROVINCIA DA CORUÑA

##### A CORUÑA

**EXPOSICIÓN. FOTOGALICIA 2008.** 'W. Eugene Smith. Máis real que a realidade'. Ata o 1 de febreiro. Sede Fundación Caixa Galicia. Cantón Grande, 21-24.

**EXPOSICIÓN. PREMIO JUAN CANCELO** Fun-

dación Caixa Galicia. Ata o 14 de novembro. Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia. Médico Rodríguez, 2.

#### FERROL



**EXPOSICIÓN. FOTOGALICIA 08. 'NEORRALISMO.** A nova imaxe en Italia, 1932-1960'. Ata o 5 de xaneiro. Sede Fundación Caixa Galicia. Praza da Constitución, s/n.

#### PONTEDEUME

**EXPOSICIÓN. 'A FOTOGRAFÍA É O MÁIS NATURAL.'** Ata o 12 de novembro. Centro Maiores Caixa Galicia.

#### SANTIAGO

**EXPOSICIÓN. 'O CARIBE ANTES DE COLÓN. FRAY RAMÓN PANÉ E O UNIVERSO TAÍNO.'** Ata o 8 de febreiro. Sede da Fundación Caixa Galicia. Rúa do Vilar, 19.

**EXPOSICIÓN. 'PÉREZ, O RATO AMIGO DOS DENTES.'** Ata o 30 de outubro. Biblioteca Fundación Caixa Galicia. R/ Frei Rosendo Salvado, 14-16.

**CORO LÍNEO DE LA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.** Exposición permanente. Igrexa de San Martiño Pinarío. Praza de San Martiño.

#### PROVINCIA DE LUGO

##### LUGO

**EXPOSICIÓN. FOTOGALICIA 2008 'GABRIELE BASILICO. INTERCITY.'** Ata o 1 de febreiro. Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia. Praza de Santa María, s/n

##### MONDOÑEDO

**EXPOSICIÓN. 'MÁS QUE AUGA.'** Ata o 25 de novembro. Centro de Desenvolvemento Comarcal

##### SAMOS

**EXPOSICIÓN. HISTORIA DE DÚAS RESTAURACIONES 1880-1951.** Permanente. Mosteiro de San Xulián de Samos. Avenida do Xeneralísimo.

##### VIVEIRO

**EXPOSICIÓN. 'FAUNA IBÉRICA.'** Ata o 25 de novembro. Sala multiusos do Concello.

#### PROVINCIA DE PONTEVEDRA

##### PONTEVEDRA

**EXPOSICIÓN. 'DEBUXANDO A LAXEIRO.'** Ata o 11 de xaneiro. Sede Fundación Caixa Galicia C. Moderno. Praza de San Xosé, 3.

##### TOMIÑO

**EXPOSICIÓN 'ROSALÍA ILUSTRADA.'** Ata o 7 de decembro. Auditorio Municipal.

#### VIGO

**EXPOSICIÓN. FOTOGALICIA 2008. VICTORIA DIEHL. FRÍAS, FRÁXILES, DURMINTES.** Ata o 1 de febreiro. Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia. Policarpo Sanz, 21.

#### PROVINCIA DE OURENSE

##### BARCO DE VALDEORRAS

**EXPOSICIÓN 'GALICIA, CAMIÑO CELESTE.'** Ata o 29 de novembro. Centro Comercial Valdeorras.

##### OURENSE

**EXPOSICIÓN. 'XENTE DE MENTE.'** Ata o 17 de novembro. Centro Maiores Caixa Galicia.

**EXPOSICIÓN. FOTOGALICIA 2008. 'JAVIER VALLHONRAT.'** Ata o 30 de novembro. Centro Cultural Deputación de Ourense.

**EXPOSICIÓN. 'XI PREMIO INTERNACIONAL DE FOTOGRAFÍA HUMANITARIA LUIS VALTUENA.'** Ata o 16 de novembro. Centro Sociocultural Caixa Galicia. Xoán XXIII, 31-soto.

##### VERÍN

**EXPOSICIÓN 'NÓS TAMÉN FOMOS EMIGRANTES.'** Ata o 10 de novembro. Casa do Escudo.

#### AMÉRICA LATINA

##### MÉXICO

**EXPOSICIÓN. 'VIENTO DEL OESTE, VIENTO DEL ESTE.'** Fondos da Colección Caixa Galicia'. Ata o 4 de xaneiro. Antigo Colexio San Ildefonso.